



# CONTANDO AS LETRAS GALEGAS



Espectáculo arredor  
da persoa homenaxeada cada ano

# CONTANDO AS LETRAS GALEGAS

PÚBLICO	Público familiar / Infantil a partir de 4 anos
DURACIÓN	50 - 60 min
CATEGORÍAS	Letras galegas / cantigas / Int-Ext /
SINOPSE	<p>Cada ano, en torno aos meses de xaneiro e febreiro, Caxoto empápase coa vida e obra da persoa homenaxeada ese ano co DÍA DAS LETRAS GALEGAS e crea un espectáculo de contos a medida de cada escritor ou escritora. Nunca se sabe como vai ser ese espectáculo ata que vai avanzada a súa xestación pero a experiencia dinos que sempre haberá un achegamento á súa obra, ás súas personaxes, á súa vivencias,... sumerxíndonos de cheo no seu universo literario pero tamén vivencial.</p> <p>Ano tras ano Caxoto aplica toda a súa experiencia e os seus coñecementos ao servizo dunha función (por desgraza) efímera que nos vindeiros 6 meses percorrerá toda Galicia. Un espectáculo con música en directo, textos e contos adaptados, poesías cantadas, análise das súas realidades persoais, sociais, laborais, visitas a autores/as da súa época... e sempre, como marca persoal da casa, aderezada cun bo feixe de gargalladas compartidas .</p> <p>Un espectáculo para toda a familia no que reivindicar ás nosas letras e ás nosas plumas dende a narración oral adaptado para as distintas franxas de idade.</p>
NECESIDADES TÉCNICAS	<p>Luz escénica básica Conexión eléctrica Escenario mínimo recomendable: 5 m (boca), 4 m (fondo), 4 m (alto) Equipo de son adaptado ao espazo (o espectáculo conta cun equipo de son de 300w)</p>



# IMAXINARIO

---




Unha divertida visita á vida e obra da  
persoa homenaxeada cada ano co DÍA  
DAS LETRAS GALEGAS



Contos, cantigas, textos adaptados, xogos,  
tradicións, ...



Unha achega á persoa  
homenaxeada como excusa para  
coñecernos un pouco mellor



**A TRASTENDA  
DOS CONTOS**

@caxoto\_  
653 61 61 26  
caxoto@atrastendadoscontos.com  
www.atrastendadoscontos.com

# SOBRE CAXOTO

---

## CAXOTO

Caxoto é a persoa que se atopa tras do mostrador na Trastenda dos Contos. Mestre en educación primaria e sempre ligado ao espazo escénico entra en contacto coa narración oral coa súa chegada á Editorial Kalandraga no 2004. Alí logo de formarse como narrador asume a campaña de animación á lectura que o leva por colexios e bibliotecas de toda Galicia.

A partir de aí comeza un longo camiño no que ir definindo o contador que chegou a ser ben a partires do seu traballo ben a través da formación con algunhas das figuras máis relevantes da narración oral: Paula Carballeira, Cándido Pazó, Celso F. Sanmartín Campanari, Mercedes Hernández, Carolina Rueda, as Escolas de verán de AEDA, ...

Caxoto Contacontos percorreu varias veces toda a xeografía galega con espectáculos de narración oral para público infantil, adolescente e adulto. O seu contar é sinxelo, directo, retranqueiro e cheo de emocionalidades. O seu amplo repertorio toca todos os paus da narración oral: conto tradicional, contemporáneo, contos de creación propia, historias de vida, ... e no seu contar non hai temas tabú.

Dende que no ano 2015 decide vivir exclusivamente do conto participa e repite en varios festivais de teatro e/ou narración oral que o leva por distintos puntos da xeografía española.

- Contacontes a la mar (Benicassim)
- XI Festival de cuentos eróticos (Zamora)
- Viércoles de los cuentos (Guadalajara)
- Festival EVA -En Veu Alta (Cataluña)
- Festival Contando Cuentos (Salamanca)
- MIT (Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia)
- La senda del cuento (Toledo)
- Maratón de cuentos de una noche de verano (Chapinería)
- Maratón de los cuentos Guadalajara (sección Inauditos)
- Festival "Falando a Boca Chea" (A Coruña)
- Festival Núbebes (Pontevedra)
- Festival Internacional Outono de Teatro (FIOT)
- Festival Atlántica (Santiago de Compostela)

